

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e a Fundación María José Jove e a Fundación INGADA para a difusión e fomento, entre o profesorado dos centros educativos de educación primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional dun programa de formación para o tratamento do alumnado con trastorno por déficit de atención e hiperactividade

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DECLARA:

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar coa Fundación María José Jove e a Fundación INGADA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 30 de xuño de 2026, podendo prorrogarse, de ser o caso, mediante a correspondente addenda. Así mesmo, poderá revogarse por vontade de calquera das partes e en calquera momento da súa vixencia, notificándoo cunha antelación de dous meses ás outras partes. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscrición do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Fundación María José Jove e a Fundación INGADA para a difusión e fomento, entre o profesorado dos centros educativos de



educación primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional dun programa de formación para o tratamento do alumnado con trastorno por déficit de atención e hiperactividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

Que a Fundación María José Jove é unha entidade sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento



dos seus fins, entre os que se encontran os de interese social, que se estruturan arredor de catro grandes áreas de traballo: Promoción Cultural, Saúde, Educación e Formación e Ocio e Tempo Libre Responsable. E para a consecución deses fins promove, entre outras, a realización de actividades dirixidas a persoas con discapacidade e á infancia.

Que a Fundación INGADA é unha entidade sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, entre os que se encontran os de dar asistencia integral a persoas afectas polo TDAH e trastornos asociados en Galicia.

Que a Fundación María José Jove e a Fundación INGADA pretenden colaborar coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional na formación do profesorado dos centros educativos de educación primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional respecto da intervención educativa co alumnado con TDAH, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

Judith Fernández Nova

